A compañía **Trompicallo** ten o pracer de representar o seu último espectáculo,**PLANETA ARDORA,** na Casa da cultura "Ramón Martínez López"**este venres día 13 de abril ás 20:00 h** que está tendo unha grande acollida por parte do público xa que non deixa indiferentes nin a grandes nin a pequenos, un espectáculo para disfrutar en familia e emocionarse xuntos.

E como unha imaxe vale máis que mil palabras, só un minuto e medio do seu tempo abonda para ver o resumo dun ano de traballo no seguinte vídeo promocional:https://youtu.be/b8wGqZsfb4k

Pode acceder ao dosier on line no seguinte enlace:https://issuu.com/trompicallo/docs/issuu_20-_20planeta_20ardora_20-_20

Idea orixinal e dirección: Marián González
Actores titiriteiros: Sabela Amado Rojo, Marián González, Luís González
Música Ignacio Sanz
Foto/Video Juampa Ameneiro
Produción Trompicallo
Público Infantil / Familiar *A partir de 6 anos

Sinopse:

Houbo un día no que o Planeta Ardora estivo cheo de luz, un día no que florecían as "adalas", que así é como se chaman alí as flores, os "tulús", os peixes, nadaban na ardora que é a auga-luz que da nome ao planeta e que ilumina a moitos seres que ali viven, naqueles días Ardora podía considerarse un Planeta feliz…pero, (sempre hai un pero senón non existirían as historias), todo isto rematou, alguén comezou a estragar a auga-luz e con ela ao resto da vida, deixando todo enzoufado e noxento, os pobres ardorianos non sabían que facer nin onde ir e vagaban polo planeta ennegrecido intentando atopar un lugar para empezar de novo, cando un pequeno ser, un verme, nun curruncho do planeta, é quen de devolverlles a esperanza e as forzas para loitar e intentar salvar Ardora… agora só queda por ver si o conseguirán.